



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

**MEMORIA DE
ACTIVIDADES**

2020

Instituto da Lingua Galega

Edita
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Correo electrónico: ilgsec@usc.gal
Páxina web: <http://ilg.usc.gal/>

Teléfonos
+34 8818 12815
+34 8818 12802

Fax +34 81572770

Maquetación
Raquel Vila-Amado

A portada foi deseñada cunha imaxe de Harryarts (www.freepik.es)

Universidade de Santiago de Compostela, maio de 2021

ÍNDICE

| | |
|--|----|
| LIMIAR | 3 |
| RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN..... | 6 |
| A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG..... | 6 |
| B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓN..... | 26 |
| CONSULTAS DA PÁXINA WEB DO CENTRO | 29 |
| ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS E ENCONTROS LINGÜÍSTICOS..... | 30 |
| A ACTIVIDADE DO PERSOAL INVESTIGADOR..... | 32 |
| A. CONFERENCIAS, COMUNICACIÓN E PÓSTERS EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS..... | 32 |
| B. CURSOS E SEMINARIOS | 35 |
| C. COMITÉS CIENTÍFICOS E DE REDACCIÓN DE REVISTAS E COLECCIÓN..... | 35 |
| D. PUBLICACIÓN E RECURSOS DIXITAIS..... | 38 |
| PUBLICACIÓN DO ILG OU DERIVADAS DE ENCONTROS ORGANIZADOS..... | 38 |
| RECURSOS DIXITAIS | 42 |
| PUBLICACIÓN DO PERSOAL DO ILG | 42 |
| E. TESES EN CURSO DIRIXIDAS POR MEMBROS DO ILG | 50 |
| F. TESES DEFENDIDAS..... | 51 |
| G. COMUNICACIÓN PRESENTADAS NO ILG | 51 |
| H. VISITAS DE INVESTIGADORES | 51 |
| I. PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DE ENCONTROS CIENTÍFICOS | 51 |
| J. ACTIVIDADES RELACIONADAS CO ENSINO MEDIO | 52 |
| CHARLAS DO PROGRAMA “A PONTE ENTRE O ENSINO MEDIO E A USC” | 52 |
| PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA DA XUNTA DE GALICIA..... | 53 |
| K. ACTIVIDADES E PUBLICACIÓN DE CARÁCTER DIVULGATIVO | 53 |
| ARTIGOS EN XORNAIS OU EN BLOGS | 53 |
| OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER DIVULGATIVO | 54 |
| L. CONTRATOS PREDOUTORAIS..... | 54 |

| | |
|--|----|
| M. PARTICIPACIÓN EN REDES E GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DO PERSOAL | |
| INVESTIGADOR VINCULADO | 55 |
| CONVENIOS, CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL E PREMIOS | 56 |
| A. CONVENIOS | 56 |
| B. CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL: ORGANIZACIÓNS SOCIAIS, ACADÉMICAS ETC. | 56 |
| C. PREMIOS, NOMINACIÓNS, RECOÑECEMENTOS ETC. | 59 |
| RESUMO ECONÓMICO 2020 | 60 |
| RELACIÓN DE RECURSOS DO ILG..... | 62 |
| PERSOAL | 63 |
| PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR | 63 |
| INVESTIGADORES PREDOUTORAIS..... | 63 |
| PERSOAL DE APOIO | 64 |
| PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS | 64 |
| INVESTIGADORES <i>AD HONOREM</i> | 64 |
| COLABORADORES EXTERNOS..... | 64 |
| ALUMNADO EN PRÁCTICAS NO ILG | 65 |

LIMIAR

Presentamos perante o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, para a súa aprobación, a memoria que recolle as actividades desenvolvidas polo Instituto da Lingua Galega durante o ano 2020, dando cumprimento ao establecido na normativa que regula o funcionamento e a acción do ILG, en particular o seu regulamento de réxime interno, e mais os Estatutos da USC. Esta memoria foi aprobada polo Consello Científico do Instituto na reunión celebrada o pasado 12 de maio de 2021, e presentada á súa Xunta de Goberno, que acordou ratificala por unanimidade na reunión celebrada o día 19 de maio de 2021. A presentación desta memoria, ademais de dar cumprimento a unha obriga normativa, obedece á nosa vontade de render contas do traballo realizado e á transparencia necesaria nun centro de investigación que obtén o seu financiamento fundamentalmente de fondos públicos.

As accións e actividades levadas a cabo durante o ano 2020 estiveron marcadas, inevitablemente, pola situación de pandemia producida pola COVID-19, que exixiu un esforzo extraordinario de todo o persoal do ILG, tanto laboral como investigador, para afrontar unha situación inédita, garantindo, en primeiro lugar e sobre todo, a seguridade das persoas, co seguimento estrito dos protocolos establecidos polas autoridades sanitarias e pola universidade, e asemade a continuidade dos traballos de investigación, necesaria para poder cumprir os obxectivos establecidos. Aínda non superada a situación, mais xa con perspectivas mellores no horizonte, queremos manifestar a nosa satisfacción por conseguir superar ese difícil transo sen que se producise ningunha incidencia e, ademais, alcanzando en gran medida os obxectivos previstos.

A situación de peche de instalacións e, despois da reapertura, as limitacións das actividades presenciais obrigaron a cancelar ou a adiar moitas das actividades previstas para o ano 2020. Así, o Curso de verán *Galego sen fronteiras*, que se organizaba ininterrompidamente en colaboración coa RAG desde 1988, foi cancelado, o Simposio anual do ILG foi adiado e finalmente tivo lugar en febreiro de 2021, na súa maior parte en remoto, e outros seminarios, cursos e conferencias tiveron que ser tamén cancelados ou adiados. Reducíronse, igualmente, as visitas internacionais de investigación e as estadias, mais, aínda así, mantivéronse algunhas delas: dúas investigadoras das universidades federais do Ceará e de São Paulo, un investigador da Universidade Federal Fluminense e un investigador do Brooklyn College de New York. Outras visitas e estadias previstas para 2020 foron pospostas ata que a situación internacional permita os desprazamentos en condicións de seguridade.

No ano 2020 incorporouse ao ILG un novo investigador, José Carracedo Fraga, da área de Filoloxía Latina, que xa viña colaborando en diferentes proxectos deste instituto. Con esta incorporación refórzase a colaboración con áreas afíns á de Filoloxías Galega e Portuguesa, como xa acontecera recentemente coa incorporación de investigadoras das áreas de Filoloxía Alemá e de Filoloxía Italiana.

Neste ano puxéronse a disposición pública en liña tres novos recursos. Dous deles están dirixidos pola investigadora María José Domínguez Vázquez, e foron executados en parte grazas a unha axuda da USC para a integración de equipos de investigación pertencentes a

institutos de investigación, e son *XeraWord. Prototipo de xeración automática da argumentación da frase nominal en galego e portugués* (<http://ilg.usc.gal/xeraword/>), unha ferramenta piloto de xeración automática da frase nominal simple en galego e portugués, e mais o flexionador nominal *Flexionador* (<http://ilg.usc.gal/flexionador/>). Por outra parte, tamén se disponibilizou para o uso público o *PDMapping: A GIS-based application for documenting perceptual dialect categorizations* (<http://ilg.usc.gal/pdmapping/>), dirixido por Xulio Sousa, unha plataforma experimental para o estudo da dialectoloxía perceptiva. Estes recursos son resultado de proxectos en marcha en liñas innovadoras relacionadas coas Humanidades Dixitais nas que o ILG pretende seguir avanzando nos próximos anos.

Ademais, publicáronse dous libros de temática especializada, en colaboración co Consello da Cultura Galega, sobre historia da lingua galega na Idade Moderna (*Calen barbas, falen cartas. A escrita en galego na Idade Moderna*, editado por Rosario Álvarez e Ernesto González Seoane) e sobre contacto lingüístico na Península Ibérica (*Variedades lingüísticas en contacto na Península Ibérica*, editado por Francisco Dubert, Vitor Míguez e Xulio Sousa). Ambos os dous contan con traballos de destacados especialistas nas respectivas áreas de estudo. Tamén se publicou o número 12 da revista *Estudos de Lingüística Galega*, con artigos de investigadoras e investigadores de universidades portuguesas, brasileiras, alemás, españolas e galegas. Mais queremos destacar de maneira especial a publicación do volume VII do *Atlas Lingüístico Galego*, dedicado ao léxico do ser humano, baixo a dirección de Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio Sousa, coa colaboración da Fundación Barrié, por medio dun convenio específico para a publicación da obra. Este volume é unha mostra dos resultados dos proxectos de longa duración que se veñen desenvolvendo no ILG, como o é tamén a *Edición da colección monumental do Mosteiro de Santa María de Oia (Pontevedra)*, que pronto será publicada na colección *Gallaeciae Monumenta Historica* do Consello da Cultura Galega.

Outros resultados dos proxectos que se recollen na memoria foron publicados en revistas especializadas e libros de editoras galegas e internacionais. Presentáronse, ademais, dúas teses de doutoramento sobre temas de gramática e lingüística histórica, e un número importante de teses continúa en proceso de elaboración. Así mesmo, pode mencionarse que dous proxectos de investigación con IP pertencentes ao ILG obtiveron financiamento en convocatorias estatais. Un deles, dirixido por Elisa Fernández Rei, sobre *Contacto, cambio lingüístico e ideoloxía en contextos de minorización lingüística*, conta con investigadoras das universidades de Vigo e de Oviedo e con colaboradores internacionais; o segundo, *Diccionario histórico e etimolóxico da lingua galega (I): Preparación de recursos, deseño e test inicial*, é codirixido por Manuel González e María Dolores Sánchez Palomino, da UDC. Desta maneira, o ILG mantén a investigación en liñas que, por máis que se poidan considerar tradicionais, seguen a ser moi necesarias para cubrir carencias relevantes da lingüística galega, mais, por outro lado, quere apostar claramente por liñas innovadoras. A pesar de contar con recursos, tanto materiais como humanos, limitados, o ILG ambiciona, así, non só seguir cubrindo as necesidades de recursos lingüísticos para o galego, senón tamén situar a investigación lingüística sobre a lingua galega no nivel internacional. Trátase dun obxectivo, sen dúbida, ambicioso, mais que xa estamos comezando a conseguir e que esperamos completar no futuro próximo.

Neste ano dedicamos importantes esforzos, tamén, a reforzar e a optimizar a infraestrutura informática do ILG, da que dependen todos os recursos que temos a disposición pública. Por unha parte, realizouse unha auditoría informática dos sistemas e recursos do ILG, e levouse a cabo unha racionalización, optimización e actualización dos servidores e dos

recursos que se aloxan neles, así como reforzamos a súa seguridade. Estes traballos tiveron como resultado unha redución de máis do 30% no número de servidores (virtuais e físicos), do 70% no número de xestores de bases de datos e do 33% no número de servidores web, así como dun aforro do 50% no uso de memoria RAM.

Ao tempo, asinouse un convenio de colaboración co CESGA, que proporcionará servizos de aloxamento cloud para recursos do ILG e aloxamento web do proxecto CORILGA, o que permitirá garantir a seguridade e optimizar os recursos. O convenio prevé, igualmente, colaboracións en proxectos de investigación. Ademais, asináronse dous convenios coa Real Academia Galega, un de colaboración en investigacións de carácter sociolingüístico, a través do Seminario de Sociolingüística da RAG, e outro para a realización dos Cursos de Verán *Galego sen fronteiras*. Tamén foi asinado un convenio coa Fundación Barrié para a publicación do volume VII do *Atlas Lingüístico Galego*.

Estes son algúns aspectos destacados do traballo levado a cabo durante o ano 2020, a pesar de todas as dificultades producidas pola situación sanitaria. Todos os resultados e proxectos que se presentan nesta memoria débense ao esforzo e ao talento das investigadoras e investigadores deste centro e tamén á colaboración de equipos de investigación doutras áreas, no marco dun espírito de traballo en equipo e interdisciplinario que vén sendo habitual desde hai anos e que nos comprometemos a seguir fomentando e fortalecendo. Así mesmo, para conseguir estes resultados foi fundamental a colaboración e mais o apoio constante da Universidade de Santiago de Compostela, así como da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, da Fundación Barrié, do Consello da Cultura Galega e mais da Real Academia Galega. Desde o ILG queremos agradecer o seu apoio continuado e a súa valiosa colaboración, na confianza de que coa súa axuda poderemos afrontar con suceso os retos do presente e lograr os obxectivos que temos por diante.

XOSÉ LUÍS REGUEIRA FERNÁNDEZ
Director

Relación de liñas e proxectos de investigación

A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

A. DIALECTOLOXÍA E XEOGRAFÍA LINGÜÍSTICA DO GALEGO E DO PORTUGUÉS

A1. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

IP: Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez, Manuel González González, Xulio Sousa, Francisco Dubert García, Carme Hermida Gulías, Antón Santamarina, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Lucía Doval Iglesias, Raquel Vila-Amado

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/atlas-linguistico-galego-alga>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/indices/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

O equipo encargado deste proxecto desenvolveu as seguintes actividades ao longo de 2020:

1. Finalización das revisións e entrega ao Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela da maqueta do volume VII *Léxico. O ser humano (II)* lista para a súa publicación; e revisión dos 211 mapas do volume VIII *Léxico. Agricultura (I)* de que constará esta publicación.
2. Continuación do labor de corrección e de depuración da base de datos informática co fin de eliminar os erros cometidos no seu día no proceso de introdución dos datos. Realizáronse as seguintes accións:

- Traballouse na conversión da base de datos a un xestor actualizado (o actual é do ano 2002) que axilice e mellora as consultas e correccións.
 - Continuouse coa revisión e coa corrección dos materiais dos volumes proxectados para próxima publicación.
3. Introducción na aplicación *Índices do Atlas Lingüístico Galego* <http://ilg.usc.gal/-indices/> dos datos dos mapas do volume VII *Léxico. O ser humano (II)*, que xa poden ser consultados. Son 4158 formas, correspondentes a 294 mapas.
 4. Continuación dos traballos de mantemento e actualización da páxina web do proxecto do *Atlas Lingüístico Galego*.
 5. Este ano non se puido participar na revisión dos datos galegos das propostas cartográficas nin das correspondentes sínteses tanto do *Atlas Linguistique Roman* coma do *Atlas Linguarum Europae* nin se puideron presentar as novas sínteses galegas para a redacción dos novos mapas programados para os devanditos Atlas. Para o *Atlas Linguistique Roman* estaba prevista unha reunión en Corte (Córsega) os días 2-5 de setembro, que tivo que ser suspendida; e para o *Atlas Linguarum Europae* igualmente o 53 ed. *Board Meeting of the ALE*, programado para Riga (Letonia) os días 17-20 de xuño de 2020 foi igualmente suspendida. As razóns da suspensión de ambos os dous eventos foi a seguridade sanitaria, como consecuencia da pandemia de Covid-19.
 6. Continuación da explotación dos materiais do *ALGa* publicados e inéditos e, en especial, da liña de análise cuantitativa da base de datos que os membros do proxecto Francisco Dubert García e Xulio Sousa veñen tratando desde o ano 2016. Os resultados previstos para o 2020 figuran mais abaixo no apartado de publicacións.
 7. Elaboración de 120 mapas, con lendas e notas, do volume IX *Léxico. Fauna* e do volume X *Léxico. O ser humano (III)*.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Álvarez Blanco, Rosario / Dubert-García, Francisco / Sousa, Xulio (2020): *Atlas Lingüístico Galego. Volume VII. Léxico. O ser humano (II)*. Fundación Barrié / Universidade de Santiago de Compostela.
- Álvarez Blanco, Rosario (2020): “Três recursos para o estudo da variação lexical em galego e português”, en *A DIALETOLOGIA HOJE: desafios. Abralin ao vivo – Linguist Online*, 23 de maio de 2020. https://www.youtube.com/watch?v=kfe5ro-TNHMY&list=RDCMUCf75fg3VemQx9A_Z6FfoDRg&start_radio=1&t=0
- Álvarez Blanco, Rosario (2020): “As palabras viaxan no espazo e no tempo. Por que é importante coñecermos a distribución territorial das formas léxicas?”, en *I CIPAL. Ciclo de Palestras em Dialectologia, Geolinguística e Sociogeolinguística: teoría e práctica*, 19 de outubro de 2020. <https://www.youtube.com/watch?v=4NXk-YTZi7eU>.
- Dubert-García, Francisco (2020): “O galego, unha lingua sen dialectos: olladas sociais e lingüísticas sobre a variación dialectal”, *Estudios románicos* 29, 147-163. <https://doi.org/10.6018/ER.402591>

Sousa, Xulio / Dubert-García, Francisco (2020): “Measuring language contact in geographical space: Spanish loanwords in Galician”, *Zeitschrift für Dialektologie und Linguistik* 87(2), 285-306 <https://www.ingentaconnect.com/contentone/fsv/zdl/2020/00000087/00000002/art00006>.

Sousa, Xulio (2020): “From regional dialects to the standard: Measuring linguistic distance”, *Languages* 5(1), 4. *Special Issue. Contemporary Perspectives in Geolinguistics and Dialectology*. <https://doi.org/10.3390/languages5010004>

A2. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

IP: Rosario Álvarez Blanco / María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Ernesto X. González Seoane, Marta Negro Romero, Xulio Sousa, Eduardo Louredo Rodríguez, Ignacio Vázquez

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: A relación de membros e universidades participantes, en Galicia, Portugal e Brasil, figuran en <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl/equipo.html>

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/tesouro-do-lexico-patrimonial-galego-e-portugues>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/Tesouro/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

1. A día 31 de decembro de 2020, o banco de datos do TLPGP contaba con 281.551 rexistros, o que supón un incremento de 20.570 respecto do ano anterior. Proceden de 26 obras, das cales 3 corresponden ao Brasil, 5 a Portugal e 18 a Galicia. De acordo co programa previsto, producíronse avances significativos na introdución de datos léxicos do S de Galicia e N de Portugal e do galego estremeiro (Asturias, León e Zamora), así como vocabularios temáticos (cultura marítima, xogos populares e aves).
2. O equipo de ILG continúa co labor de asesoramento dos outros membros do equipo, e de revisión e validación das táboas particulares antes de unilas ao banco de datos común. Mantén tamén a base de datos e depura de xeito permanente irregularidades.
3. Ao remate do ano 2020, o Inventario de obras de léxico dialectal galego e portugués con referenciación xeográfica era de 412 rexistros.
4. O TLPGP incorpora datos procedentes do proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*, dirixido ao ensino non universitario, que se desenvolve no marco do Plan Proxecta da Xunta de Galicia. Á súa vez, proporciona os datos para o proxecto *Patrimonio Léxico da Gallaecia* (§ A3).
5. No marco do programa Mestrado Erasmus Mundus en Lexicografía, recibimos en prácticas os estudantes Gabriel Schmitt e Mariana Catharina, que colaboraron neste proxecto.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Álvarez Blanco, Rosario (2020): “Três recursos para o estudo da variação lexical em galego e portugués”, en *A DIALETOLOGIA HOJE: desafios. Abralin ao vivo – Linguist Online*, 23 de maio de 2020. https://www.youtube.com/watch?v=kfe5ro-TNHMY&list=RDCMUCf75fg3VemQx9A_Z6FfoDRg&start_radio=1&t=0
- Álvarez Blanco, Rosario (2020): “As palabras viaxan no espazo e no tempo. Por que é importante coñecermos a distribución territorial das formas léxicas?”, en *I CIPAL. Ciclo de Palestras em Dialectologia, Geolinguística e Sociogeolinguística: teoría e práctica*, 19 de outubro de 2020. <https://www.youtube.com/watch?v=-4NXkYTzi7eU>.
- Álvarez Blanco, Rosario (2020): “O Tesouro do Léxico Patrimonial: proposta metodolóxica para o acervo das variantes xeolectais”. En Renato Rodrigues-Pereira / Daniela de Souza Silva Costa, *Estudos em lexicografía. Aspectos teóricos e prácticos*. Campinas, SP: Pontes Editores, 33-56.
- Negro Romero, Marta / Xandra Santos Palmou (2020): “Le Trésor du lexique patrimonial galicien et portugais : un portail pour l'étude du lexique dialectal”, *ILCEA. Revue de l'Institut des langues et cultures d'Europe, Amérique, Afrique, Asie et Australie*, 39. <https://doi.org/10.4000/ilcea.9933>.

A3. O PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA

IP: Rosario Álvarez Blanco / María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Xulio Sousa, Marta Negro Romero, Ernesto X. Seoane

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal / Enxenio / NLPgo

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: A relación de membros e universidades participantes, en Galicia e Portugal, figura en <https://ilg.usc.es/es/proxectos/patrimonio-lexico-da-gallaecia>

FINANCIAMENTO: Programa INTERREG V-A España - Portugal (POCTEP) (0358_GEOAPARD_1_E-4). PO FEDER Galicia 2014-2020 “Unha maneira de facer Europa” e convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i para o ano 2019 (“Impulso dunha agrupación de investigación en Ciencias Sociais e Humanidades: Desenvolvemento da plataforma de xestión de información patrimonial definida no proxecto GEOARPAD”)

PÁXINA WEB: <https://ilg.usc.gal/gl/proxectos/patrimonio-lexico-da-gallaecia>

RECURSO DIXITAL: <https://ilg.usc.gal/plg/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

1. Enriquecemento da base léxica da que se extraen os datos para o establecemento de conceptos da ferramenta *Patrimonio léxico da Gallaecia* (vid. o proxecto 2, *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*).

2. Revisión e actualización dos conceptos introducidos previamente no recurso, coa supresión dalgúns que non ofrecían especial interese léxico.
3. Selección e introdución de doce conceptos novos (Alacrán, Alcrique, Artemisa, Cigarra, Escorpión, Fedegosa, Fiúncho, Miñoica, Sobrado, Tornarratos, Toupa, Xanela).
4. Participación nunha nova convocatoria do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, co proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. No curso 2019-2020 participaron 3 centros galegos e un centro do norte de Portugal.
5. Revisión dos textos descritivos de 702 BIC da base de datos elaborada no marco do proxecto GEOARPAD (<https://tec.citius.usc.es/geoarpad/bootleaf-master/>).
6. Posta en marcha da plataforma cidadá [DOA](#), en que, a través de sinxelos formularios, se lle solicita á cidadanía que indique as palabras que emprega no seu concello para designar determinadas realidades. En 2020 lanzáronse dous cuestionarios sobre insectos.
7. No marco do programa Mestrado Erasmus Mundus en Lexicografía, recibimos en prácticas o estudante David Huerta Meza, que colaborou neste proxecto.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

Álvarez Blanco, Rosario (2020): “Três recursos para o estudo da variação lexical em galego e português”, en *A DIALETOLOGIA HOJE: desafios. Abralin ao vivo – Linguist Online*, 23 de maio de 2020. https://www.youtube.com/watch?v=kfe5ro-TNHMY&list=RDCMUCf75fg3VemQx9A_Z6FfoDRg&start_radio=1&t=0

Álvarez Blanco, Rosario (2020): “As palabras viaxan no espazo e no tempo. Por que é importante coñecermos a distribución territorial das formas léxicas?”, en *I CIPAL. Ciclo de Palestras em Dialectologia, Geolinguística e Sociogeolinguística: teoria e prática*, 19 de outubro de 2020. <https://www.youtube.com/watch?v=-4NXkYTzi7eU>.

Álvarez de la Granja, María (2020): “A conceptualización do amencer, do atardecer e do anoitecer en galego”, en Carmen Mellado Blanco / Belen López Meirama / M. Carmen Losada Aldrey, *Modelos de análisis en la fraseología de las lenguas europeas (=Anexo monográfico nº XVII de LINRED. Lingüística en la red)*, 1-39.

A4. VARIACIÓN E CAMBIO NOS DOMINIOS GALEGO E PORTUGUÉS NO SÉCULO XX

IP: Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Dubert, Aquilino S. Alonso Núñez, Clara Lago Caamaño, Marta Negro, Eduardo Louredo

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de Investigación/Proxecto PGC2018-095077-B-C44

PÁXINA WEB: http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/VARCAM_GP

RECURSO DIXITAL: <http://alpi.csic.es/gl>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

1. Introducción dos cadernos dos puntos de fala galega de Asturias, León e Zamora.
2. Revisión da transcripción das 110 preguntas que se subirán á aplicación en 2021.
3. Revisión e corrección dos materiais das sección de fonética e morfosintaxe, de acordo cos novos criterios.
4. Actualización da cartografía de representación dos datos (inclusión de puntos de Asturias, León e Zamora).
5. Clasificación dos materiais para o seu tratamento cuantitativo (75 preguntas).

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Dubert-García, Francisco (2020): “O galego, unha lingua sen dialectos: olladas sociais e lingüísticas sobre a variación dialectal”, *Estudios románicos* 29, 147-163. <https://doi.org/10.6018/ER.402591>
- Sousa, Xulio (2020): "Humanidades digitales y geografía lingüística: la edición digital del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica", en A. Gallego & Francesc Roca (eds.): *Dialectología digital del español*. Anexo de *Verba*. Santiago de Compostela: USC, 139-158.
- Sousa, Xulio / Francisco Dubert García (2020): "Measuring language contact in geographical space: Spanish loanwords in Galician", *Zeitschrift für Dialektologie und Linguistik* 87(2), 285-306.

A5. ATLAS LINGUISTIQUE ROMAN

IP: Manuel González González

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei, Xulio Sousa, Francisco Dubert García, Xosé Afonso Álvarez, Alba Agüete Cajiao

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

Despois da publicación dos volumes *II,c. Cartes e II,c. Commentaires*, no que se recollían os mapas e sínteses románicas das denominacións de *blaireau, caille, chardonneret, chauve-souris, coccinelle, corbeau, corneille, écureuil, étourneau, fouine, hirondelle, lièvre, perdrix, pie, renard, ruche, sanglier, sangsue e taon*, estaba programada a revisión da seguinte tanda de mapas na reunión que debía ter lugar en Corte na illa de Córsega, que tivo que ser suspendida, de maneira semellante ao que ocorreu co *Atlas Linguarum Europae*, polas circunstancias sanitarias.

A reunión prevista para setembro de 2020 adiouse para os días 01 a 04 de setembro de 2021 no mesmo lugar, en caso de poder ser presencial; e, de non poder selo, realizárase nas mesmas datas de maneira virtual a través de Zoom. Con todo, realizouse xa a distribución dos mapas e das sínteses románicas que se afrontarán de maneira inmediata, correspondendo ao equipo do ILG ‘Le soleil se couche’.

A6. ATLAS LINGUARUM EUROPAE

IP: Manuel González González

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei, Xulio Sousa, Francisco Dubert García, Xosé Afonso Álvarez, Alba Agüete Cajiao

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

Practicamente non se avanzou nos traballos durante o ano 2020, xa que a *53th Editorial Board Meeting of the Atlas Linguarum Europae (ALE)* na que se tiñan que revisar os traballos pendentes de aprobación e realizar a programación para o vindeiro ano, que estaba convocada no Latvian Language Institute, da Universidade de Latvia, Riga (Latvia), do 17 ao 21 de xuño de 2020, tivo que ser suspendida por imposición da situación sanitaria como consecuencia da pandemia. Esta reunión, imprescindible para o avance dos traballos non foi posible realizala ata o día de hoxe e, dado que a situación parece que non se normalizará de maneira inmediata, acordouse realizala de maneira telemática, a través de Google Meet, organizada agora polo Departamento de Dialectoloxía, Xeografía Lingüística, Fonética e Onomástica do Instituto de Lingüística “Iorgu Iordan–Alexandru Rosetti” da Academia Romanesa, desde Bucarest, os días 17 e 18 de xuño de 2021.

B. GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO

12

B1. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Ricardo Pichel Góterrez, Xosé Carracedo Fraga, José Antonio Souto Cabo, Rosário Ferreira, Charlotte Galves, Leonardo Lennertz Marcotúlio, Juan Carrasco González

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: RILG (<http://sli.uvigo.gal/RILG/>)

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

A situación da pandemia impediu o desenvolvemento das actividades previstas.

B2. ESCRITORIO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (EGPA-LIT, EGPA-DOC)

IP: Ricardo Pichel Góterrez / Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Pedro Dono López, Camilo Fernandez Cortizo, Miguel García-Fernández, Marina Aurora Garzón Fernández, Ramón Mariño Paz

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: Biblioteca Dixital da Galicia Medieval (dir. Xavier Varela Barreiro), Xelmírez (dir. Xavier Varela Barreiro), Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo (dir. Xavier Varela Barreiro), Red Internacional CHARTA (coord. Belén Almeida Cabrejas, Univ. Alcalá), HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria (dir. Ricardo Pichel, Univ. de Alcalá)

FINANCIAMENTO: Proxecto “HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria” (CM 2018-T1/HUM-10230)

PÁXINA WEB: <https://www.herespatrimoniotextual.org/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

1. Continuación dos traballos informáticos de conversión da codificación a XML-TEI e migración do antigo corpus COTAGAL, ata agora local e de acceso restrinxido, a unha nova estación dixital de traballo, o EGPA, dentro da plataforma TEITOK.
2. Continuación da transcripción, revisión e reedición da colección diplomática íntegra correspondente á tese de doutoramento de Margot Sponer (*Altgalizische Urkunden*, 1935).
3. Colaboración co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) consistente na revisión, corrección e actualización dunha *Guía para o estudo da prosa medieval galega*.
4. Continuación dos traballos de transcripción, etiquetado e edición dalgúns textos literarios medievais galegos: as traducións galegas da *General estoria* (RBE ms. O.I.1) e da *Estoria de España* (BGHUsal 2497), da Crónica de 1404 (HSA B.2278, BMP 62) e dos fragmentos conservados das *Partidas* e doutras obras xurídicas.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

1. Publicación, en calidade de co-coordinación e autor principal, da *Guía para o estudo da prosa medieval galega* (nº 3 da Col. ArGaMed, 2020). Santiago de Compostela: CRPIH. https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/-publicacion/argamed_3_0.pdf
2. Publicacións relacionadas co patrimonio documental galego medieval, de interese lingüístico e documental:
 - García-Fernández, Miguel / Diana Pelaz Flores / Pichel, Ricardo (2020): “Galicia e El-Rei ou como reinar desde a distancia: comunicación política arredor de dous novos privilexios rodados de Xoán II”, *Madrygal. Revista De Estudios Gallegos*, 23, 139-180. <https://doi.org/10.5209/madr.73069>
 - García-Fernández, Miguel / Ricardo Pichel (2020): “Novas achegas documentais para o estudo da realidade monástica da Ribeira Sacra: tres pergamiños inéditos de Santa Cristina de Ribas de Sil (ss. XV-XVI)”, *Murguía. Revista galega de historia*, 41-42.

- Taberero Salas, Cristina / Ricardo Pichel / Andrés Enrique-Arias (2020): "El español en contacto con otras lenguas peninsulares. Los corpus diacrónicos de Galicia, Navarra y Mallorca", *Estudios de Lingüística del Español*, 42, pp. 177-217. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7857131>
3. Publicación dalgúns artigos relacionados cos textos literarios en proceso de edición:
- Pichel, Ricardo / Miguel García-Fernández (2020): "Un nuevo testimonio occidental del Libro de las Confesiones de Martín Pérez: el fragmento gallego del Archivo del Reino de Galicia", *PhiloBiblon Blog 2020* 4. <https://update.lib.berkeley.edu/2020/08/02/libconfrp/>
 - Pichel, Ricardo / Rosa María Rodríguez Porto (2020): "La tradición manuscrita de la *Estoria de Espanna* en el siglo XIV. Notas codicológicas sobre los testimonios Q (BNE 5795) y T (BMP 550)", *Bulletin of Hispanic Studies* 97 (5): 527-556. <https://doi.org/10.3828/bhs.2020.30>

B3. EDICIÓN DA COLECCIÓN MONUMENTAL DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE OIA (PONTEVEDRA)

IP: Ana Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Ramón Lorenzo Vázquez, M^a del Carmen Pérez

FINANCIAMIENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

No ano 2020 leváronse a cabo os seguintes traballos:

1. Modificación das fontes: cos novos avances tecnolóxicos as fontes que se estaban empregando para a edición dos textos do mosteiro de Santa María de Oia, Pontevedra, quedaron obsoletas. Procedeuse a cambialas por unha fonte unicode que permita a súa publicación dixital. Neste ano fíxose en 415 documentos.
2. Revisión de 115 documentos xa transcritos.
3. Transcrición dos documentos 10-20 da carpeta 1849 e 6 da carpeta 1850 do Archivo Histórico Nacional.
4. Actualización da base de datos: cos novos datos obtidos desta transcrición seguiuse enchendo, mantendo e ampliando a base de datos, creada cos datos dos fondos documentais do mosteiro e que inclúe información imprescindible para a súa organización e manexo, dado o alto volume de documentación manexado (entre outras, data, tipoloxía documental, nome do notario ou escriba etc.).
5. Está prevista a publicación da edición dixital na colección *Gallaeciae Monumenta Historica* do Consello da Cultura Galega.

B4. EDICIÓN INTERPRETATIVA E INVENTARIO TOPONÍMICO DAS MEMORIAS DEL ARCEBISPADO DE SANTIAGO (1607) DO CÓENGO CARDEAL JERÓNIMO DEL HOYO

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Eduardo Moscoso Mato, Camilo Fernández Cortizo.

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

Durante o ano 2020 realizáronse as seguintes actuacións:

1. Finalización da revisión da transcripción do manuscrito. Esta tarefa quedou rematada a mediados de 2020.
2. Realización da edición interpretativa. Este traballo comezou a realizarse a mediados de 2020 e a finais de ano estaba aínda en proceso.
3. Elaboración de índices variados que faciliten a obtención de información contida na obra. Xa se foi volcando a información a diferentes bases de datos a partir da edición semipaleográfica realizada e está en proceso esta mesma acción a partir de edición interpretativa.
4. Elaboración do inventario toponímico das Memorias. Dentro das bases de datos que se sinalaban no punto anterior ten unha especial relevancia a base de datos toponímica, moi avanzada a finais de 2020 e que se prevé incorporar ao Inventario Toponímico Galego-Portugués Antigo (ITGPA).
5. Posta en marcha de estudos filolóxicos e historiográficos a partir dos materiais indicados nos puntos anteriores.

B5. APROXIMACIÓN AO ESTUDO DO NOTARIADO E DAS CARACTERÍSTICAS DA SÚA PRODUCCIÓN DOCUMENTAL NUNHA COMARCA DA GALICIA MEDIEVAL: A TERRA DE CALDELAS (COLECCIÓN DO MOSTEIRO DE MONTEDERRAMO)

IP: Eduardo Moscoso Mato

EQUIPO INVESTIGADOR: Xavier Varela Barreiro, Ricardo Pichel Gotérrez, Xosé Carracedo Fraga, Mariña Bermúdez Beloso, Miguel García Fernández, José Ramón Ríos Viqueira

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

Durante o ano 2020 realizáronse as seguintes actuacións:

1. Introducción na base de datos da información correspondente á colección documental do mosteiro ourensán de Montederramo, a partir da codificación

realizada como cabezallos introductorios dos documentos no CGPA (*Corpus Galego-Portugués Antigo*).

2. Realización dunha escolma de documentos desta colección representativa da actividade notarial, que servirá como base de estudo das características máis relevantes e visibles da *scripta*, do repertorio formulístico e dos trazos de oralidade do corpus seleccionado. Tamén se tivo en conta a colección documental de Santa María de Xunqueira de Espadanedo.
3. Posta en marcha de estudos sobre as características máis relevantes e visibles da *scripta*, do repertorio formulístico e dos trazos de oralidade do corpus seleccionado.

C. ONOMÁSTICA

C1. DICCIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza, Antón Palacio Sánchez, Luz Méndez Fernández

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/diccionario-dos-apelidos-galegos>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

Comezouse a revisión conxunta do diccionario, coas seguintes accións:

1. Compleción das atestacións históricas mediante a consulta de novas fontes informáticas.
2. Perfeccionamento da descrición xeográfica das formas que non a tiñan ou a presentaban incompleta.
3. Uniformización da información etimolóxica.
4. Revisión das hipóteses etimolóxicas de apelidos de especial dificultade.

C2. EDICIÓN INTERPRETATIVA E INVENTARIO TOPONÍMICO DAS MEMORIAS DEL ARCEBISPADO DE SANTIAGO (1607) DO CÓENGO CARDEAL JERÓNIMO DEL HOYO

Vid. B4.

C3. INVENTARIO TOPONÍMICO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (ITGPA)

IP: Eduardo Moscoso Mato

EQUIPO INVESTIGADOR: Xavier Varela Barreiro, Paulo Martínez Lema, Rocío Dourado Fernández, José Ramón Ríos Viqueira, Xavier Afonso Canosa Rodríguez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: ITGM (<http://ilg.usc.gal/itgm/>)

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

A situación da pandemia impediu o desenvolvemento das actividades previstas.

D. CORPORA DE LINGUA ACTUAL

D1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL

IP: Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Concepción Álvarez Pousa, Carme Ares Vázquez, Xosé Henrique Costas González, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Carme Hermida Gulías, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (2019-2020)

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/arquivo-do-galego-oral-ago>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/ago/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

Durante o ano 2020 leváronse a cabo as seguintes accións:

1. Revisión final dos primeiros 200 textos para a súa incorporación definitiva á nova plataforma do AGO.
2. Transcrición de 180 novos textos (13h. 30' de audios) con aliñamento mediante o programa ELAN, co que se ampliou o número de concellos incorporados á nova plataforma do AGO.
3. Dixitalización de novos materiais en formato cassette e minidisk.
4. Deseño da base de datos para o buscador do AGO.
5. Realización das primeiras probas do aliñador audio-texto.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

Álvarez Pousa, Concepción (2020): “A variedade valdeorresa do galego oriental e a súa presenza na lingua literaria de Florencio Delgado Gurriarán”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico* 113, 9-34.

Dopazo Entenza, José Manuel (2020): “O mar de Ons ten voz feminina. As percebeiras”, *Nova Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial* 12, 10-17.

Fernández Rei, Francisco (2020): “Talasonimia e léxico do mar de Cambados”, *Nova Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial* 12, 84.

D2. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Noemí Basanta Llanes, Xoán Carlos Goris García, Reyes Rodríguez Rodríguez

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/corpus-oral-informatizado-da-lingua-galega-corilga>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

A pesar de non contar con financiamento durante o ano 2020, a realización das prácticas de mestrado de Xoán Carlos Goris García, alumno do Mestrado Interunivesitario de Lingüística Aplicada, permitiu avanzar na revisión de transcricións previas e na realización doutras novas, en particular, de medios de comunicación e de redes sociais. Está pendente da resolución de problemas na subida de arquivos para o aliñador e recoñecedor automático de fala.

CONTRIBUCIÓNES DERIVADAS

Regueira Fernández, Xosé Luís (2020): “Contacto, estándar e ideoloxías: a lingua galega na esfera pública”, en Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lúcia Coimbra / Alberto Gómez Bautista (eds.), *Línguas minoritarias e variação lingüística*. Aveiro: Universidade de Aveiro, 27-51.

D3. CORPUS DE TEXTOS GALEGOS ESCRITOS POR ESTUDANTES NO ÁMBITO ACADÉMICO. FERRAMENTA PARA A ANÁLISE DA COMPETENCIA ESCRITA EN LINGUA GALEGA

IP: María Álvarez de la Granja / Ernesto X. González Seoane

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco A. Cidrás Escáneo, Xosé Antonio Fernández Salgado, Bieito Silva Valdivia. Colaboradores: Iria del Río Gayo, Maarten Janssen, Catarina Magro, Vítor Míguez Rego, María López Sández

INFORMÁTICA: Maarten Janssen / José Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de Investigación/ Proxecto PGC2018-096069-B-I00

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/corpus-de-textos-galegos-escritos-por-estudiantes-no-ambito-academico-ferramenta>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/cortegal/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

Ao longo do ano 2020 leváronse a cabo as seguintes actividades:

1. Revisión da transcripción dos 1000 textos que conforman o corpus.
2. Introducción dos seguintes metadatos en todos os textos: título, comisión delegada, tema, cualificación do exame e cualificación do texto, así como os datos que definen globalmente o corpus (coordinadores, ano dos textos, tipo de textos etc.).
3. Definición do sistema de anotación dos textos: estableceuse o sistema de anotación dos textos, que inclúe tanto a corrección das formas e secuencias non estándares como a súa clasificación en dous niveis, descritivo e etiolóxico. Esta anotación realízase en seis niveis lingüísticos (ortográfico, morfolóxico, léxico, gramatical, semántico-pragmático e discursivo).
4. Elaboración dun manual explicativo do proceso de corrección e de asignación dos códigos identificativos dos problemas e doutro manual, de carácter máis técnico, para o tratamento dos textos en TEITOK.
5. Elaboración dunha proba piloto para testar o sistema de anotación dos textos.
6. Anotación de 42 textos, con asignación de corrección, códigos identificativos dos problemas encontrados e metadatos restantes (Número de palabras; Número de lemas; Densidade léxica; Número de oracións; Media de palabras por enunciado; Número de palabras no enunciado máis longo; Número de palabras no enunciado máis curto; Número de parágrafos; Media de oracións por parágrafo).

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

O corpus, aínda que non rematado, pode consultarse xa desde finais de 2020 en <http://ilg.usc.gal/cortegal/>. Vid., tamén F1.

E. GRAMÁTICA

E1. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA (RAG)

IP: Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: María Álvarez de la Granja, Francisco A. Cidrás Escáneo, Francisco X. Dubert García, Elisa Fernández Rei, Ernesto X. González Seoane, Xosé Luís Regueira Fernández e Xosé Xove Ferreiro

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega

FINANCIAMENTO: Convenio asinado entre a USC e a RAG (2011-2013), prorrogado anualmente sen custos

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/gramatica-da-lingua-galega>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

Continúan os traballos do equipo encargado de redactar a gramática institucional da Real Academia Galega, ao abeiro dun convenio de colaboración que se renova anualmente sen contrapartida económica. Avanzan de xeito continuo aínda que con máis lentitude do que estaba previsto.

En relación con ela está o proxecto autónomo ConVerSO (= *Construcións verbais e sintaxe da oración*), colaboración do ILG (a través de membros do equipo de gramática) e o Seminario de Gramática da RAG. O banco de datos construído (IPs: Xosé Xove / Rosario Álvarez), que está a ser utilizado como corpus na descrición na gramática institucional, está en revisión permanente por parte de Xosé Xove.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

Dubert García, Francisco (2020) “Algunhas notas sobre a *Gramática elemental del gallego común*”, en Francisco Cidrás (ed.), *Ricardo Carvalho Calero. As formas do compromiso*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 255-281.

E2. INTEROPERABILIDADE DE RECURSOS E PRODUCCIÓN AUTOMÁTICA DE LINGUAXE NATURAL

IP: María José Domínguez Vázquez

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco A. Cidrás Escáneo, Xavier Gómez Guinovart, María Teresa Sanmarco Bande, Carlos Valcárcel Riveiro. Colaboradores externos: María Caíña Hurtado e Alberto Simões

INFORMÁTICA: Colaboradores externos: Daniel Bardanca Outeiriño e José Luis Iglesias Allones

FINANCIAMENTO: Convocatoria de proxectos colaborativos para institutos de investigación da USC. 2020

PÁXINA WEB: <https://ilg.usc.gal/gl/proxectos/interoperabilidade-de-recursos-e-produccion-automatica-de-linguaxe-natural>

RECURSOS DIXITAIS: <http://ilg.usc.gal/flexionador/>, <http://ilg.usc.gal/xeraword/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

1. Concesión do proxecto: FERRAMENTAS TRADUWORD E XERAWORD: TRADUCIÓN DE CAUDAL LÉXICO AUTOMÁTICA DA LINGUAXE NATURAL EN GALEGO E PORTUGUÉS na convocatoria de proxectos colaborativos para institutos de investigación da USC (2020). Institucións participantes: Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela –, IPCA – Instituto Politécnico do Cávado e Ave, Barcelos – e Universidade de Vigo.
2. Desenvolvemento de novas ferramentas e análise de interoperabilidade de recursos:
 - a. **Flexionador** nominal para o galego e portugués
 - b. **Traduword:** ferramenta que permite a tradución de repertorios de clases semánticas así como dos seus exemplares en relación paradigmática para o galego e portugués
3. Desenvolvemento do prototipo de xerador automático da lingua – **XeraWord**. Trátase dun prototipo de xeración automática da frase nominal simple para o

- galego e o portugués, baseado na tradución automática do léxico extraído de WordNet.
4. Deseño da base de datos de XeraWord, lanzamento da aplicación en rede e deseño da guía de uso. Actividades de difusión da nova ferramenta nas redes sociais.
 5. Elaboración e descrición de paquetes léxicos anotados sintáctica e semanticamente para o galego e portugués.
 6. Preparación da actividade “Lexikography on the road” (setembro-décembro 2020).
 7. Elaboración de artigos científicos, actualmente en fase de revisión.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Domínguez Vázquez, María José (2020): “Aplicación de WordNet e de word embeddings no desenvolvemento de prototipos para a xeración automática da lingua”, *Linguamática*, 12(2), 71-80. <https://doi.org/10.21814/lm.12.2.337>
- Domínguez Vázquez, María José / Mónica Mirazo Balsa / Carlos Valcárcel Riveiro (2020): *Studies on Multilingual Lexicography*. Berlin, Boston: De Gruyter. <https://doi.org/10.1515/9783110607659>
- Domínguez Vázquez, María José (2020): “Desde la Lingüística y la Lexicografía a la Inteligencia Artificial: un camino de ida y vuelta en el diseño de nuevos métodos analíticos y recursos online”, *Inauguración do Programa de Doutoramento “Estudos Lingüísticos”*. Universidade de Vigo, 20/10/2020.
- Domínguez Vázquez, María José / Carlos Valcárcel Riveiro (2020): “Multilingual automatic generation of noun valency patterns and their sentence contexts”, *Workshop Red INTELE*, 25/11/2020.
- Domínguez Vázquez, María José (dir.), Daniel Bardanca Outeiriño, María Caíña Hurtado, Xavier Gómez Guinovart, José Luis Iglesias Allones, Alberto Simões, Carlos Valcárcel Riveiro, María Álvarez de la Granja e Francisco A. Cidrás Escaneo (2020): *XeraWord. Prototipo de xeración automática da argumentación da frase nominal en galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/xeraword/>>

F. SOCIOLINGÜÍSTICA

A LINGUA DA XENTE NOVA: COMPETENCIA, CAMBIO LINGÜÍSTICO, ACTITUDES E MUDA NA LINGUA

Este proxecto subdivídese nas tres liñas que se indican a continuación e cuxos resultados se comentan a seguir.

F1 Análise da competencia escrita en lingua galega do estudantado de 2º de Bacharelato

F2. Cambio lingüístico e contacto de lingua na xuventude

F3. A lingua das familias: mantemento, transmisión e cambio de lingua ao longo de tres xeracións

F1 ANÁLISE DA COMPETENCIA ESCRITA EN LINGUA GALEGA DO ESTUDANTADO DE 2º DE BACHARELATO

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2020

O equipo responsable desta liña desenvolveu en 2020 as seguintes actividades:

1. Continuación dos traballos de elaboración do corpus CORTEGAL: Vid. D3.
2. Análise dos textos contidos en CORTEGAL desde perspectivas diversas.
3. Análise dos resultados obtidos no léxico dispoñible do galego.
4. Establecemento dalgunhas das características da produción escrita e do coñecemento léxico do estudantado de 2º de Bacharelato.
5. No marco do Mestrado Interuniversitario en Lingüística aplicada, recibimos en prácticas a estudante Natalia Lodeiros Souto, que colaborou neste proxecto.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

Alvarez de la Granja, Maria (2020): "Análise da conxugación verbal no Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico (CORTEGAL)", en Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lúcia Coimbra / Alberto Gómez Bautista (eds.), *Línguas minoritarias e variação linguística*. Aveiro: Universidade de Aveiro, 150-173.

